



## Concello de Palas de Rei

---

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PALAS DE REI PARA A APERTURA E VISITAS PÚBLICAS AO CASTELO DE PAMBRE

O castelo de Pambre erixiuse a finais do século XIV. En 1484 pasa a ser propiedade dos Condes de Monterrei como fielato con funcións militares de custodia do Camiño de Santiago e cobro de portazgos. Co tempo, a estabilidade interna de Galicia dentro do conxuntos dos reinos de España e a decadencia do Camiño de Santiago trala reforma protestante do centro e norte de Europa fan que a súa función acabe derivando en núcleo de produción agropecuaria das terras vinculadas á propiedade da fortaleza na comarca lucense de A Ulloa. En 1702 descríbese xa a ruína da construción principal.

A mediados do século XIX o Duque de Alba cede a súa propiedade á familia Moreiras, D. Manuel García Blanco Catedrático e membro da Real Academia Galega e da Real Academia da Historia reivindicou en numerosas ocasións a súa revaloración. Máis adiante vendeu a fortaleza a D. Manuel Taboada Fernández que a cerrou deixándoa arruinarse e acabando coa produción agropecuaria. No ano 2009 por disposición testamentaria pasa a ser propiedade dos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres. Con data de 17 de xuño de 2017 foi adquirido por contrato de compra venda pola Xunta de Galicia, estando adscrito á Consellería de Cultura e Turismo.

A fortaleza é un dos poucos exemplos de arquitectura militar do medievo galego que se conservou e sobreviviu á Revolta Irmandiña.

A Axencia de Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia de Turismo de Galicia. Esta Axencia entende que é de interese público colaborar para o mantemento da apertura e visitas públicas do Castelo de Pambre, por ser un BIC e un atractivo turístico de primeira orde na Comunidade Autónoma de Galicia, o que incide na promoción e potenciación do Camiño de Santiago e do Turismo en Galicia, co que se pretende a súa posta en valor turístico e a súa potenciación.



## Concello de Palas de Rei

---

O obxecto deste convenio é a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades, a Axencia de Turismo de Galicia e o concello de Palas de Rei para a xestión da apertura e visitas públicas ao Castelo de Pambre.

A **Axencia de Turismo de Galicia** obrígase a achegar a contía de 30.000€ para o desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio, sen que o Concello de Palas obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.460.0, proxecto 2015 00006 “Promoción e potenciación do turismo”, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Esta achega canalízase a través dunha subvención de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

O horario de apertura e visitas públicas será o seguinte:

- Verán: de martes a domingo de 11 a 14 e de 16 a 20h
- Inverno: de martes a domingo de 12 a 17,30h

O horario de verán abarcará desde o 1 de abril ao 31 de outubro, e o de inverno desde o 1 de xaneiro ao 31 de marzo e do 1 de novembro ao 31 de decembro.

Este horario deberá respectarse durante a vixencia do presente convenio. Calquera modificación do horario establecido nesta cláusula deberá ser acordado de mutuo acordo polas partes, o que se incorporará como addenda ao convenio.

A vixencia do convenio estenderase desde a sinatura do mesmo ata o **31 de decembro de 2023**.